



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL CONDADO-PARADANTA PARA A REACTIVACIÓN DO TURISMO NO XEODESTINO CONDADO- PARADANTA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de Desenvolvemento Rural Condado-Paradanta o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta para a execución das seguintes actuacións:

1. PLANIFICACIÓN, CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DO PRODUTO TURÍSTICO
Bono de financiamento de produtos e iniciativas
Deseño e implantación do produto Pasaporte Condado Paradanta
2. COMERCIALIZACIÓN, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO PRODUTO
Deseño e posta en marcha da web APP
Cartelería en color A3
Deseño e produción do rótulo do establecemento
Campaña en redes sociais
Campaña en medios dixitais
Actos publicos de presentación do proxecto
Vídeo promocional
3. FORMACIÓN
Programa de formación de calidade turística
Programa de formación específica para socios pasaporte



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

4. NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS AO TURISMO

Adecuación do visor da web GDR Condado Paradanta

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta agrupa aos concellos de Arbo, A Cañiza, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz Balneario, As Neves, Ponteareas, Salvaterra do Miño e Salceda de Casellas que representan á maior parte dos concellos incluídos no xeodestino Condado-Paradanta-

No artigo 4 dos estatutos da asociación se establece como ámbito de actuación o territorio dos concellos anteriormente citados sen prexuízo de que poda ser estendido para outros programas ou actividades a outros territorios.

No artigo 5.2.M) dos seus estatutos recóllese entre as actividades destinadas a acadar os fins da asociación a de “Levar a cabo a xestión do Xeodestino Terras do Condado Paradanta e poñer en marcha calquera actividade relacionada con este proxecto”.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

Terceiro.- Que co obxecto de promover o turismo no xeodestino Condado- Paradanta, as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto englobase ademais, no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia.

Cuarto.- Que a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade regúlanse na devandita lei os xeodestinos.

A lei define, no seu artigo 23, como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

No Plan Estratéxico do Turismo 2020, de acordo co obxectivo estratéxico 5.5. Xeodestinos. Impulso a ordenación territorial turística de Galicia, na liña estratéxica 5. Cooperación na cadea de valor do turismo, a Axencia Turismo de Galicia desenvolve accións de apoio a aqueles xeodestinos que contan con organización para levar a cabo actuacións de promoción dos mesmos.

Quinto.- Que o confinamento xerado pola evolución epidemiolóxica da COVID-19 provocou unha parálise total do sector turístico sendo un dos sectores máis afectados pola crise. As estimacións e proxeccións actuais prognostican un impacto económico especialmente intenso nun ámbitos moi supeditados aos desprazamentos, a mobilidade e á confianza dos mercados.

Co fin de dinamizar este sector, o Consello da Xunta aprobou, o pasado día 30 de abril de 2020 o *Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19* onde se recollen unha serie de medidas transversais para o impulso do turismo.

Concorren, así, razóns de interese público que xustifican o outorgamento dunha subvención sen que proceda promover a concorrência pública ao ser a Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta a única entidade representante do xeodestino Condado Paradanta que pode executar as actuacións obxecto deste convenio.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



Que a través deste convenio, outórgase á Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la iglesia Lema



Xacobeo 2021

